

# ILUSTRACIÓN: OS LÍMITES DO COÑECEMENTO EN KANT

## 1.- A IDEA KANTIANA DE ILUSTRACIÓN

"**Ilustración** é a saída do home do seu culpable **estado de minoría de idade**. O estado de minoría de idade é a incapacidade de servirse da propia razón sen axuda de outro. Este estado de minoría de razón é culpable cando a causa da mesma non reside nunha carencia do entendemento, senón nunha falta de decisión e de valor para servirse del por nós mesmos, sen a guía doutro. ¡**sapere aude!** ¡atrévete a servirte do teu propio entendemento! Este é, por tanto, o lema da Ilustración".

Esta é a definición que Kant dá de Ilustración no seu célebre escrito "¿Que é Ilustración?" 1784. Kant reivindica unha razón **autónoma** (do grego "auto": darse a si mesmo, e "nomos": norma, lei), é dicir, unha razón libre, liberada, non tutelada. Kant cre que a súa época é aínda non máis ca unha "época ilustrada" un camiño cara o **progreso**, pero aínda non unha "época de ilustración"; sendo este ideal quizais inalcanzable.

### 1.1.- Características xerais da Ilustración

A ilustración do XVIII sitúase entre o Barroco do XVII e o Romanticismo do XIX. Este é o "século das luces", chamado así porque a súa única guía é a "luz" da razón. Caracterízase non só polo afán de adquirir moitos coñecementos, senón tamén de estendelos á maioría da poboación para ilustrala, iluminala. Hai que distinguir entre a ilustración inglesa, a francesa e a alemá..

a) A ilustración iniciase en **Inglaterra** un século antes que no resto de Europa gracias á "Gloriosa Revolución de 1688", e caracterízase pola **tolerancia relixiosa e política**, o **empirismo** gnoseolóxico e o cultivo das **ciencias da natureza**. Isto móstrase na ciencia de Newton, a filosofía dos empiristas Locke e Hume, no deísmo, nos moralistas (que fundamentan a moral ao marxe da relixión: no sentimento), na psicoloxía asociacionista e na escola escocesa (que defenden verdades innatas manifestas na experiencia interna: no sentido común).

b) A ilustración **francesa** inspirouse nos ilustrados ingleses, pero o seu sistema político autoritario xunto ao ascenso da clase burguesa xeran un clima de tensión social que culminará na Revolución Francesa de 1789. Por isto as cuestións máis relevantes para eles son a orde **moral**, o **dereito** e o **progreso histórico**. O francés convértese en lingua da cultura e dende Francia irrádíase a toda Europa. Isto móstrase en varias direccións:

-A enciclopedia e os naturalistas. Estes últimos conciben a natureza non ao xeito cartesiano mecánico-mecanista, senón como algo con vida e conciencia (síntese de Newton e Leibniz).

- O sensismo de Condillac: o coñecemento queda reducido a pura sensación.

- O materialismo de La Mettrie e Holbach que consideran ao home como pura máquina (un complexísimo reloxo): estenden a todo o home a concepción cartesiana da res extensa.

- Rousseau: contra a fundamentación das monarquías absolutas por parte de Hobbes (na obra "Leviathan"), Rousseau introduce a idea de "vontade xeral", liberdade baseada na razón que lexitima a sociedade democrática e a "soberanía do pobo" na súa obra "O contrato social". (As súas ideas son base da Revolución Francesa 1789). Por outra banda, Rousseau reacciona en certo modo contra a idea de "progreso" dos ilustrados e tamén é precursor do romanticismo e das filosofías irracionalistas e sentimentais do XIX.

c) A Ilustración pasa de Francia a **Alemaña**, gracias a Federico II de Prusia que acolle na súa corte aos ilustrados franceses. A ilustración alemá non trata novos temas, senón que **afonda na**

**análise da razón** para facer que o saber acerca da natureza, a política e a moral se rexan por ela: os autores destacados son **Wolff e Kant**, mestre e discípulo.

**Dun xeito xeral**, seguindo a Kant, pode dicirse que a característica fundamental da ilustración é a idea de “autonomía absoluta da razón”; dito doutro xeito: liberdade da razón; ou, como di Kant, "maioría de idade da razón". Liberdade significa liberación, pero **¿de qué atadallos se libera a razón?**. Para sabelo debemos mirar á Historia.

**En primeiro lugar**, libérase da tutela da **relixión**, entendida como "relixión revelada" (sobrenatural, misteriosa, supersticiosa) por Deus na Biblia. Agora, a relixión convértese en "**relixión natural**" ou racional (sen milagres, profecías nin ritos). A relixión natural concrétese no **Deísmo** acuñado en Inglaterra, pero cuxo maior expoñente é o francés **Voltaire**, que rematará identificando a relixión coa moral ou ética.

**En segundo lugar**, a razón ilustrada libera á sociedade das ataduras **do absolutismo político** (na Revolución Francesa 1789, e tamén coa independencia dos EEUU 1776). Elimínase o poder absoluto dos monarcas (antigo réxime) e Montesquieu en Francia separa os poderes do estado en: executivo, lexislativo e xudicial.

**En terceiro lugar**, a razón libérase da **ignorancia, prexuízos e tradición** tratando de expandir a cultura para formar un **espírito crítico**. Isto móstrase en Francia co "Diccionario histórico e crítico" de Pedro Bayle e coa "Enciclopedia ou diccionario **razoado** das ciencias, artes, e oficios" de Diderot e D'Alambert. E plasmarase na **obra crítica de Kant**.

**En cuarto lugar**, a razón libérase da concepción cristiá da Historia como plan providencial de Deus cuxo fin é a salvación sobrenatural, e substitúe esta idea pola **de progreso** continuo da razón e da humanidade **na Historia**, concibida agora como proceso baseado en leis exclusivamente naturais (a Historia secularízase).

En resumo, o espírito ilustrado influirá na ética formal de Kant e queda plasmado no escrito de Kant "**Que é ilustración**", cuxas ideas fundamentais son:

- Ilustración é a saída da **minoría de idade** da razón
- A razón menor de idade é ela mesma culpable, pois é máis cómodo e doado deixarse levar por opinións alleas e **non pensar por si mesmo**.
- O lema da Ilustración é "**sapere aude!**": ¡atrévete a saber! Ten o valor de usar a túa propia razón sen a guía doutro
- Moitos homes por **comodidade e falta de valor** déixanse guiar por unha instancia allea á propia razón para evitar o esforzo de pensar por si mesmos. Por iso cre Kant que está nunha "época de Ilustración", mais non aínda nunha "época ilustrada".
- Se existise a **liberdade**, o público non tardaría en auto-ilustrarse.
- Kant cre que a Ilustración só precisa da liberdade, isto é: o **uso público da razón**. Distingue entre: **uso privado da razón** que se refire ao uso da razón no traballo ou posto que se exerce e que debe estar sometido ao principio de obediencia (ex.: militar, funcionario, sacerdote: organización xerárquica prusiana). E o **uso público da razón** que se refire á exposición pública das ideas e ideais para ilustrar aos homes; este uso non debe estar "tutelado", coartado, senón que debe ser fomentado e libre de acordo cos ideais da ilustración.
- Neste escrito concede eloxios ao monarca ilustrado Federico II de Prusia que fomenta a ilustración en Alemaña: liberdade de pensamento (liberdade relixiosa e lexislativa), pero tamén a disciplina e a orde prusiana: "razoade todo o que queirades e sobre o que queirades, pero obedecede"

## TEXTO KANT SOBRE A ILUSTRACIÓN

### KANT, texto 1

#### «Que é a ilustración?»

*A ilustración é a saída do home da súa minoría de idade, da cal el mesmo é o culpable. Minoría de idade é a incapacidade de servirse do seu entendemento sen a dirección doutro. Un mesmo é o culpable desta minoría de idade cando a causa dela non reside na carencia de entendemento, senón de decisión e valor para servirse del sen a dirección de outro. Sapere aude! Ten o valor de servirse do teu propio entendemento!, velaí a divisa da ilustración.*

Preguiza e covardía son a causa pola que unha tan grande parte de homes moito despois de que a natureza os ceibara da dirección allea (naturaliter *maiores*), sigan emporiso a ser con gusto toda a vida menores de idade; e é por iso que lles resulta tan doado ós outros erixirse nos seus titores. É tan cómodo ser menor de idade! Se teño un libro que pensa por min, un director espiritual que ten unha conciencia moral para min, un médico que me prescribe unha dieta, etc., daquela non preciso molestarme. Se podo pagar, non teño necesidade de pensar; xa haberá outros que asuman por min tan amoladora tarefa. A inmensa maioría dos homes (...) consideran que o paso cara á maioría de idade, ademais de pesado, é perigoso: iso procuran os titores que se encargaron bondadosamente do seu control.

(...)

Para a persoa individual é daquela difícil dar saído dunha minoría de idade case convertida en natureza (...) De aí que só uns poucos conseguisen co propio esforzo do seu espírito zafarse da minoría de idade e, con todo, manter o paso firme. Ben máis posible é, pola contra, que o público se ilustre por si mesmo; así será, de certo, case inevitablemente con só que se deixe en liberdade. Pois sempre se atoparán, mesmo entre os establecidos titores da gran masa, algúns que pensen por si mesmos, os cales, logo de desfacerse do xugo da minoría de idade, propagarán no seu redor o espírito dunha estimación racional do propio valor e da vocación de todo home a pensar por si mesmo.

I. KANT; «Que é a ilustración?» (Berliner Monatschrift, decembro, 1784). Trad. de Rafael Martínez Castro (USC)

## II.- OS LÍMITES DO COÑECAMENTO EN KANT

### IMMANUEL KANT 1724-1804

#### 2.1.- Vida e obras

Nado en Königsberg en 1724, cuarto fillo dun modesto silleiro e nai de inclinación relixiosa (pietista) que lle inspirou un profundo sentido moral. Estudou en Königsberg con Martin Knutzen, de cuxa man se viu influenciado pola ciencia de Newton e a filosofía racionalista de **Wolff**. Logo dedícase a ensinar como preceptor aos fillos das familias de Königsberg.

Período pre-crítico: en 1746 obtivo o doutorado e comeza a ensinar como profesor contratado durante 15 anos ata 1770. (nas obras do período pre-crítico constátase a **influencia del racionalismo de Wolff y Leibniz** e tamén do método experimental de **Newton**). Kant afirma que a lectura do empirista **Hume (1762)** "**espertouno do seu soño dogmático**" facendo que o seu

racionalismo inicial se vise influído polo empirismo. Tamén o pensamento de **Rousseau** entusiasmou a Kant polas súas ideas de autonomía e liberdade; isto influirá na súa **Ética**.

**Período crítico:** en 1770 obtivo o seu nomeamento de catedrático de lóxica e metafísica en Königsberg (hoxe Kaliningrado rusa) como profesor titular, obtendo seguridade económica. Este é o ano da súa famosa "**Disertación sobre a forma e principios do mundo sensible e intelixible**" que soluciona o problema do espacia e o tempo (a nivel da sensibilidade), pero non aínda o problema das categorías (a nivel do entendemento): contén xermes importantes da súa obra mestra "**Crítica da razón pura**" de 1781. O período entre unha e outra obra coñécese como a famosa década do silencio (1770-1781), dez longos anos sen publicar e que dedica a madurar a súa obra cumio: "Crítica da razón pura" (Selectividade). Esta obra non foi entendida debido á súa linguaxe escura e complexa e, por iso, Kant decidiu escribir un resume máis sinxelo: "**Prolegómenos a toda metafísica futura que haxa de poder presentarse como ciencia**" 1783. A continuación sucédense vertixinosamente as demais partes do seu sistema:

- "**¿Que é Ilustración?**" 1784 (selectividade)
- "Fundamentación da metafísica dos costumes" 1785,
- "**Crítica da razón práctica**" 1788(a súa ética),
- "**Crítica do xuízo**" 1790,
- "A relixión dentro dos límites da mera razón" 1793
- "**A paz perpetua**" 1795 etc.

A súa fama estendeuse entón e foi nomeado membro das Academias de Berlín, Viena etc. No seu carácter predominou a razón e o sentido moral do deber sobre o sentimental. Non foi cristián practicante, e a súa fe en Deus só se deu a través do profundo respecto á conciencia moral de espírito racionalista. Nunca saíu das inmediacións de Königsberg, anque leu moito e impartiu clases sobre xeografía, cultura, e política do seu tempo. Simpatizou coa Guerra de Independencia Americana e coa Revolución Francesa influído por Rousseau: inclinouse polo republicanismo e foi defensor da "paz perpetua". En 1797 deixou a cátedra pola súa vellez e caeu en debilidade senil, que foi mermando as súas facultades ata convertelo nun autómatas. A súa lenta agonía rematou o 12 de febreiro de 1804 aos 80 anos, sendo enterrado na catedral de Königsberg.

## 2.2.- CONCEPTO DE FILOSOFÍA DE KANT

Segundo Kant existe un concepto mundano e un concepto académico de filosofía. **O concepto mundano de filosofía** (do home de a pé) identifícase cos ideais libertarios da ilustración: relacionar todos os coñecementos cos fins ou intereses esenciais da razón humana (ética). Este concepto mundano redúcese á pregunta **¿que é o home?**. Esta, á súa vez, subdivídese en outras tres cuestións:

- a) **¿Que podo coñecer?** Refírese ao **coñecemento** alcanzable polo home: os principios e límites do coñecemento humano científico da natureza. A resposta correspóndelle á **metafísica na "Crítica da razón pura"**. (Metafísica)
- b) **¿Que debo facer?** Refírese á **acción** do home: os principios da acción moral. A resposta correspóndelle á **moral ou ética, na obra "Crítica da razón práctica"**(Ética).
- c) **¿Que me cabe agardar?** Refírese ao **destino último** do home. A resposta correspóndelle á **relixión, na obra "A relixión dentro dos límites da mera razón"**. (Relixión)

### 2.3- O PROBLEMA DO COÑECEMENTO: SÍNTESE ENTRE RACIONALISTAS E EMPIRISTAS

A primeira cuestión que debe responder a filosofía é **¿que podo coñecer?** Isto trátalo na súa obra "*Crítica da razón pura*"

Para isto explica o coñecemento facendo unha **síntese entre racionalistas e empiristas e converte o "xiro subxectivista" en "xiro copernicano"**.

#### **A).- O "XIRO COPERNICANO"**

Kant acentúa o "xiro subxectivista" ata convertelo en "xiro copernicano". Se a **antiga filosofía realista** daba máis importancia ao obxecto, entendendo **o coñecemento como algo semellante a unha "fotocopia" do obxecto**, en troques, a **filosofía moderna creu que a importancia do coñecemento** (relación suxeito-obxecto) **recae no suxeito que "só pensa ideas, non cousas"**.

Kant concede aínda maior importancia ao suxeito afirmando que quizá **é o propio suxeito o que "constitúe" a nosa concepción do obxecto**. Kant entende o coñecemento (relación suxeito-obxecto) **comparándoo co que fixo Nicolás Copérnico na Astronomía**. O mesmo que Copérnico creu que podía explicar mellor o movemento dos astros supoñendo que é a Terra a que se move (**Heliocentrismo**), Kant cre que pode explicar mellor o coñecemento supoñendo que **é o suxeito o que "constitúe" o obxecto**.

Para un estudio detallado do coñecemento humano, Kant distingue no ser humano tres **facultades** que interveñen no coñecemento:

- a) **A sensibilidade: é pasiva**. Limitase a **recibir impresións** nos sentidos: cores, olores, sons etc.
- b) **O entendemento: é activo ou espontáneo**. Esta actividade consiste en que **produce espontaneamente conceptos sen derivalos da experiencia** ( por ex.: concepto de substancia, causa etc. que chama **categorías**).
- c) **A razón: enlaza xuízos** buscando unificar o saber en **"ideas"**: o incondicionado.

Kant foi primeiro **racionalista seguidor de Christian Wolff**, pero despois de que **Hume o "espertase do seu soño dogmático"** admite Kant que o **empirismo** tamén ten parte de razón. Así no coñecemento interveñen dous tipos de elementos:

- a) **Elementos "a priori" do coñecemento**: son independentes da experiencia (**racionalismo**)
- b) **Elementos "a posteriori" do coñecemento**: dependen da experiencia (**empirismo**)

Ambos elementos (a priori e a posteriori) son necesarios para que se produza o coñecemento. Así realiza a **síntese entre racionalistas e empiristas** ao afirmar Kant que teñen **parte de razón os empiristas** ao dicir que o coñecemento **"comeza"** (elementos **a posteriori** do coñecemento) coa experiencia; pero **tamén teñen parte de razón os racionalistas** ao afirmar que **anque todo coñecemento "comece" coa experiencia, non todo el "procede" da experiencia (elementos a priori do coñecemento)**.

### **2.5.- A OBRA "CRÍTICA DA RAZÓN PURA": O PROBLEMA DA METAFÍSICA**

A máxima preocupación de Kant é o destino da Metafísica (existencia de **Deus**, inmortalidade da **alma**, creación do **mundo**). **¿É a metafísica unha ciencia?**

Kant, ao igual que xa fixera Descartes, constata que "a metafísica non atopou aínda o camiño

seguro da Ciencia". **Dúas son as deficiencias** que caracterizaron ata agora á "reina das ciencias":

a) **Non progresa** como as demais ciencias e a miúdo ten que empezar de novo

b) **Os científicos pónense de acordo nas súas teorías, mentres que entre os metafísicos reina o máis escandaloso desacordo.**

**A metafísica, sen embargo, existe.** E existe porque no home hai unha "**disposición natural**", unha tendencia ou necesidade da razón que o inclina a indagar estes grandes temas (Deus, alma, mundo). Pero ata agora non conseguiu o status de ciencia. Por iso para Kant o **problema fundamental da "Crítica da razón pura"** é resolver se a metafísica pode converterse ou non en ciencia.

¿Como podemos indagar isto? Para iso hai que seguir os seguintes pasos:

a) En primeiro lugar temos que saber **como é posible a ciencia:** que condicións se requiren para que un coñecemento sexa científico

b) A continuación temos que indagar **se a metafísica se axusta ou non a estas condicións.** En caso afirmativo poderá ser ciencia, do contrario haberá que rexeitala como ciencia.

### 2.5.1- ¿Como é posible a ciencia?

Kant non dubida de que a ciencia é posible, pois aí está a física de Newton para demostralo. O que se propón saber é **que é o que a fai posible.** Para resolver esta cuestión, pensa Kant, hai que ter en conta que a ciencia non é máis que un **conxunto de xuízos ou proposicións.** Por iso a pregunta anterior se reduce a esta outra ¿cales son as condicións que se requiren para que un **xuízo sexa científico?** Isto resolverase observando que tipo de xuízos utiliza a ciencia (a física de Newton) e investigando as condicións que os fan posibles. Pero ¿que tipo de xuízos utiliza a ciencia?. Kant cre que hai varios tipos de xuízos e a ciencia utiliza un determinado tipo. Primeiro haberá que ver que tipos de xuízos hai:

### 2.5.2.- Tipos de xuízos

Segundo Kant, hai tres grandes tipos de xuízos

a) **Xuízos analíticos a priori: por ser "analíticos" o predicado está incluído no suxeito** (analizando o suxeito vexo que o predicado vai incluído no suxeito) e **por ser "a priori" son independentes da experiencia.**

Por exemplo: o xuízo "**O triángulo ten tres ángulos**" é **analítico** porque se tomamos mentalmente o concepto de triángulo e o analizamos, **atopamos que dentro do concepto de triángulo está o ter "tres ángulos".**

Estes xuízos non nos dan información nova, ou como di Kant "**non son extensivos**" non estenden, non amplían o noso coñecemento: o que saiba que é un triángulo xa sabe que ten tres ángulos. Son sempre **verdadeiros (universais e necesarios)** ¿por que? porque non fan máis ca repetir o contido do suxeito. Son xuízos de identidade ou tautoloxías (do grego tauto= o mesmo+logos: palabra). E **son verdadeiros porque para captar a súa verdade só temos que a analizar o concepto de suxeito e, por tanto, non necesitamos recorrer á experiencia:** son, por tanto, **xuízos analíticos a priori** (independentes da experiencia).

- b) **Xuízos sintéticos a posteriori: por ser “sintéticos” neles o predicado non está incluído no suxeito (amplían ou extenden o coñecemento) e por ser “a posteriori” dependen da experiencia.**

Por exemplo: "**A auga ferve a cen graos**". Se analizamos mentalmente o concepto de "auga" **non encontramos nel incluído o predicado** "ferver a cen graos", por iso non é analítico senón sintético.

Estes xuízos dannos información nova, **son extensivos**, amplían o noso coñecemento. ¿Son sempre verdadeiros? Para sabelo temos que recorrer á experiencia: nos sabemos que "a auga ferve a cen graos" porque o temos experimentado. Os xuízos sintéticos a posteriori **son verdadeiros no momento no que a experiencia nos confirma. Pero resulta que a experiencia os confirma nun lugar concreto e nun tempo concreto, aquí e agora, e, por tanto, só son verdadeiros mentres se está verificando.** No momento en que deixo de ter experiencia (de percibir que a auga ferve a cen graos) xa non podo estar seguro de que isto ocorrerá no futuro. Nada me asegura de que noutro momento e lugar a auga ferve á mesma temperatura (de feito, nos altos cumios das montañas a auga ferve a menos graos canto máis altura). Algo semellante dicía Hume na súa crítica do principio de causalidade).

Polo tanto os **xuízos sintéticos a posteriori** son **particulares (non universais: a súa verdade restrínxese ao aquí e agora) e continxentes (non necesarios: o seu contrario é posible: a auga pode non ferver a cen graos).** En consecuencia, non son científicos.

- c) **XUÍZOS SINTÉTICOS A PRIORI (X.S.A): son os propios da ciencia física de Newton.**

¿Cal dos dous anteriores tipos de **xuízos constitúen a ciencia?** Non poden ser os xuízos analíticos **a priori**, pois estes **non amplían** o noso coñecemento, non descubrimos nada novo con eles: non facemos máis que explicar o xa coñecido, ou como di Kant: **non son extensivos. Tampouco poden ser os sintéticos a posteriori**, porque son **“particulares”** (non universais) e **“continxentes”** (non necesarios), mentres que a ciencia utiliza xuízos **“universais”** e **“necesarios”** (dende Sócrates) verdades que o son agora e **“sempre e en todo lugar”** e **“non soamente aquí e agora”**.

Resulta pois que a ciencia, a física de Newton, non utiliza xuízos analíticos a priori, nin xuízos sintéticos a posteriori. Os xuízos que emprega a ciencia teñen que ser:

- Universais e necesarios e independentes da experiencia**, é dicir, teñen que ser **a priori** (como os analíticos)
- Pero, ademais, deben **ampliar** o noso coñecemento, é dicir, deben ser **extensivos** (como os sintéticos)

Logo os xuízos que utiliza a ciencia deben ser **XUÍZOS SINTÉTICOS A PRIORI.**

Na súa "Crítica da razón pura" Kant demostra que efectivamente son estes xuízos sintéticos a priori os que constitúen a ciencia.

- A **ciencia matemática** (aritmética+xeometría) utiliza xuízos sintéticos a priori. Exemplo: "**A liña recta é a distancia máis curta entre dous puntos**". **Non é analítico**, pois o predicado non está contido no suxeito. Se analizamos mentalmente o concepto de liña recta non encontramos o concepto de distancia. Pero **tampouco é a posteriori**, xa que non necesitamos acudir á experiencia para saber que a liña recta é a distancia máis curta entre dous puntos. Por tanto, **ten que ser sintético** (non analítico): amplía o noso coñecemento, pero **ademais é a**

**priori** (non a posteriori): non necesitamos recorrer á experiencia.

- b) A **ciencia física** (Newton) tamén utiliza algúns xuízos sintéticos a priori: "**Todo o que comeza a existir ten unha causa**" (**principio de causalidade**). **Non é analítico**, pois na noción de suxeito "o que comeza a existir" non está incluído o predicado "ter unha causa". **Logo é sintético**: estende o noso coñecemento. Pero **tampouco é a posteriori**, pois non temos que recorrer á experiencia para comprobar que todo efecto ten unha causa. **Logo é sintético a priori**, é dicir, universal e necesario: científico.
- c) A **metafísica non utiliza xuízos sintéticos a priori**: conclusión da "*Crítica da razón pura*". En consecuencia, **a metafísica non é ciencia**.

Vexamos como chega a estas conclusións na súa "*Crítica da razón pura*"

## 2.6.- A OBRA MESTRA "*CRITICA DA RAZÓN PURA*"

A obra divídese nos seguintes apartados:

- a) **Estética transcendental**: trata sobre os elementos do coñecemento sensible: a **sensibilidade** (demostra como as **matemáticas** son ciencia).
- b) **Analítica transcendental**: trata sobre os elementos do coñecemento intelectual: o **entendemento** (demostra como a **física** de Newton é ciencia).
- c) **Dialéctica transcendental**: trata sobre os elementos do coñecemento racional: a **razón** (demostra que a **metafísica** non é ciencia)

### 2.6.1.- A ESTÉTICA TRANSCENDENTAL: (CRÍTICA DA SENSIBILIDADE)

A palabra "**estética**" (hoxe teoría da beleza) úsaa Kant no seu **significado etimolóxico**: do grego "**aisthesis**" que significa **sensación**. Por iso esta parte da obra é unha **teoría da sensibilidade** (sentidos): "Chamo Estética transcendental á ciencia de todos os principios da sensibilidade a priori". A **sensibilidade é pasiva**, é dicir, é a capacidade de **recibir (receptividade) representacións** ao sermos afectados polos obxectos.

A Estética Transcendental estuda:

- 1.- As **condicións** que fan posible **o coñecemento sensible**
- 2.- **Demostra que a matemática** (aritmética+xeometría) é **ciencia** porque **utiliza xuízos sintéticos a priori** e que estes cúmprense necesariamente en todos os obxectos da experiencia.

Vexamos isto por separado:

#### 1.-Condicións do coñecemento sensible

Para que se produza o coñecemento sensible precísanse dous tipos de condicións:

- a) **Condicións empíricas**: son condicións "**dadas**" na experiencia. Son a **materia** do coñecemento sensible: sensacións ou **impresións** sensibles (cor, dureza, etc.).
- b) **Condicións a priori**: Son condicións "**postas**" polo suxeito que non proveñen da experiencia. Estas condicións son a **forma** do coñecemento sensible: o **espacio e o tempo**.

**Segundo Kant, o espacio e o tempo non son propiedades das cousas**, non existen fora do suxeito (nin existen fóra do suxeito como espacio e tempo absolutos como afirma **Newton**, nin

tampouco existen fóra do suxeito como a relación entre as cousas, como afirma **Leibniz**). Para Kant, espacio e tempo **son formas “postas” polo suxeito** para poder percibir as impresións sensibles. Kant dá dúas definicións do espacio e o tempo:

A) Primeira definición: son **formas a priori da sensibilidade**.

- Son **formas** porque non son impresións sensibles (cor amarela, sabor ácido, etc.) non son a materia, senón **a forma ou modo que nos “poñemos” para percibir todas as impresións**. Quere dicir que a nosa sensibilidade percibe as impresións sensibles sempre "nun" espacio e "nun" tempo.
- Son **a priori**: significa que non proveñen da experiencia. Espacio e tempo **non proceden da experiencia, senón que a preceden, están no suxeito**. Son condicións universais e necesarias para que a nosa experiencia sexa posible: isto quere dicir que **sen elas non sería posible ter experiencia algunha**. Kant demostrao dicindo: podemos pensar o espacio sen obxectos e o tempo sen acontecementos, pero non podemos pensar os obxectos sen espacio nin os acontecementos sen tempo.
- **Da sensibilidade:** é dicir, **do coñecemento sensible** (sentidos).  
Kant distingue:
  - a) **sensibilidade externa:** a facultade de percibir mediante **os cinco sentidos** (cor -vista-, son -oído-, sabor -gusto- etc.). Todas estas impresións sensibles dos sentidos externos están sometidas ao espacio e ao tempo: teñen que ser percibidas **nun espacio e nun tempo**.
  - b) **sensibilidade interna:** facultade de percibir os nosos estados internos ou psíquicos (unha vivencia, un recordo, etc.). A experiencia interna **só está sometida á forma do tempo**. A experiencia externa está sometida, ademais, ao espacio. Por tanto, **a forma máis importante da sensibilidade é o tempo**, pois  toda experiencia está sometida ao tempo (é condición inmediata da experiencia interna, e condición mediata da externa).

B) Segunda definición: son **intuicións puras**

- Son **intuicións:** o **propio da sensibilidade é intuír**, os sentidos traballan con “intuicións” non con “conceptos” que son os propios do entendemento. No entendemento hai moitos conceptos: cada concepto reúne a moitos individuos da mesma especie baixo unha característica común: abarca un número infinito de casos, pero non de partes. En troques, na sensibilidade **as intuicións non abarcan un número infinito de casos:** só hai un espacio e un tempo que poden ser divididos en un número infinito de partes: hai infinitas partes do espacio e infinitos intervalos de tempo.
- Son **puras:** é dicir, **baleiras de contido empirico**. Espacio e tempo son como dous moldes ou coordenadas nas cales se ordenan as impresións sensibles.

Por tanto, o espacio e o tempo son **condicións ou elementos transcendentais** da sensibilidade: fan posible o percibir sensible.

**2.- Conclusión da Estética Transcendental: A matemática utiliza X.S.A aplicables a todo obxecto da experiencia**

**Como o espacio e tempo son estruturas a priori que todos os humanos posuímos, e como a matemática trata do espacio e o tempo, logo é unha ciencia válida para todo obxecto da experiencia.**

Explicación:

A Estética transcendental demostra que:

- a) A matemática utiliza xuízos sintéticos a priori.
- b) Os xuízos sintéticos a priori das matemáticas cumpríranse necesariamente en todos os

obxectos da nosa experiencia

Razoamento de Kant:

- 1.- Os xuízos das matemáticas tratan sobre o espacio e o tempo: a xeometría determina as propiedades do espacio, a aritmética determina as propiedades do tempo: trata de series numéricas (1,2,3,n..), é dicir, de sucesións ordenadas no tempo. Os seus xuízos son sintéticos porque **“extenden”** ou amplían o contido que aparece no suxeito.
- 2.- Pero como espacio e tempo son condicións **a priori** da nosa sensibilidade, logo os xuízos das matemáticas serán tamén a priori.
- 3.- E como **todas as percepcións que teñamos teñen que someterse ás formas da sensibilidade** (espacio+tempo), os xuízos sintéticos a priori das matemáticas **cumpríranse necesariamente para todos os obxectos da nosa experiencia.**

**Resumo da Estética Transcendental:** a **sensibilidade** é meramente **receptiva** (**pasiva**, non activa) e o seu **modo de coñecer é intuír** (intuicións, non conceptos). A **“materia”** que recibe (**impresións**) é intuída (ou ordenada) **mediante a forma** (espacio+tempo) da nosa sensibilidade. Por tanto, o **coñecemento sensible está composto de elementos a posteriori** (“materia” ou datos empíricos) e **elementos a priori** (ou **“forma”** que aporta o suxeito: **espacio e tempo**). Hai **intuicións puras** (s+t) e **intuicións empíricas** (s+t+impresións sensibles). A **“materia”** (**impresións**) **unida á “forma”** (s+t) **configura o “fenómeno”** (do grego phainomenon: **aparencia**).

Isto quere dicir que non percibimos a realidade como é en si mesma, ou como di Kant, **non percibimos a “cosa en si”** ou **noúmeno** (ven do grego nous=entendemento), **senón** só a cousa tal e como se nos aparece ordenada polas formas do suxeito no espacio e no tempo: **o fenómeno**. (**primeira parte do “xiro copernicano” a nivel dos sentidos**).

**Conclusión:** como a matemática trata do espacio e tempo, e estas son formas a priori da nosa sensibilidade nas que toda impresión ha de ordenarse, **logo a matemática é válida para todo obxecto da experiencia.**

Pero a sensibilidade só é un paso do coñecemento humano, **o percibido debe ser aínda comprendido polo entendemento**. Vexamos como ocorre:

## 2.6.2.- A ANALÍTICA TRANSCENDENTAL: (CRÍTICA DO ENTENDEMENTO)

A Analítica Transcendental é unha **teoría do entendemento**.

A Analítica Transcendental estuda:

- 1.- As condicións que fan posible o **coñecemento intelectual**
- 2.- **Demostra que a física (Newton) é ciencia** porque utiliza xuízos sintéticos a priori e que estes cúmprense necesariamente para todo obxecto da experiencia. Vexámolo por separado:

### 1.- Condicións do coñecemento intelectual

A función da **sensibilidade** era **percibir** mediante **intuicións** empíricas, formadas pola materia (impresións: cor amarela, sabor ácido, tacto áspero, forma circular etc. ) e a forma (nun espacio e nun tempo) configurando o fenómeno. **Pero para completar o coñecemento é necesario engadir a función do entendemento**. A función do entendemento consiste en **comprender** o

fenómeno referindo estas impresións a un **concepto**. **O entendemento comprende cando refire as impresións** (cor amarela, sabor ácido, tacto áspero, forma circular etc.) **a un concepto**: "limón", é dicir, cando unifica as impresións baixo unha **"regra"** de unificación: **o concepto**. Segundo Kant **isto prodúcese mediante un xuízo** ("isto é un limón"). Por iso **Kant define o entendemento** como a **facultade das regras, facultade dos conceptos** ou tamén a **facultade dos xuízos** ou facultade de vulgar.

Cando o entendemento xulga, é dicir, unifica as impresións baixo un concepto, faino mediante dous tipos de conceptos:

a) **Conceptos empíricos**: son os que proceden da experiencia, son **dados** a posteriori e por tanto son particulares, non universais e necesarios. Obtémolos das semellanzas dos fenómenos, ex.: limón, home, casa...

b) **Conceptos puros ou categorías**: non proceden da experiencia, son **"postos"** pola **espontaneidade (actividade) do entendemento a priori**. Son estruturas ou leis a priori do coñecemento: **gracias a eles podemos coñecer**, é dicir, construír os nosos xuízos acerca dos fenómenos.

¿Cantas categorías hai? **Kant extrae o número de categorías (12)** dos tipos de xuízos: haberá tantas categorías coma tipos de xuízos. **Tamén Aristóteles falara das "Categorías" (10)**: a substancia como suxeito do enunciado e nove tipos de accidentes que constitúen os predicados. **Pero para Aristóteles as categorías non só son gnoseolóxicas, senón tamén ontolóxicas** (da realidade), mentres que **para Kant as categorías son só do coñecemento: gnoseolóxicas**. **O mesmo ocorre cos conceptos "materia" e "forma": en Aristóteles son conceptos ontolóxicos** (da realidade), mais **en Kant son conceptos do coñecemento (gnoseolóxicos)**.

CRITERIO	TÁBOA DOS XUIZOS	TÁBOA DAS CATEGORÍAS
Segundo CANTIDADE <sup>a</sup>	1.Universais (todo A é B) 2.Particulares (Algún A é B) 3.Singulares (un só A é B)	1.Unidade 2.Pluralidade 3.Totalidade
Segundo CALIDADE <sup>a</sup>	4.Afirmativos (A é B) 5.Negativos (A non é B) 6.Infinitos (A é non B)	4. Realidade 5. Negación 6. Limitación
Segundo RELACIÓN <sup>a</sup>	7.Categoricos (incondicionados: A é B) 8.Hipotéticos [condicionados: se C é D, A é B] 9.Disxuntivo [excluíntes: A é B ou C]	<b>7. Substancia e accidente</b> <b>8.Causa e efecto</b> <b>9.Comunidade ou Acción recíproca entre axente e paciente</b>
Segundo MODALIDADE <sup>a</sup>	10. Problemáticos [supositivos: A é posiblemente B] 11.Asertóricos [aseverativos: A é realmente B] 12.Apodícticos [necesarios: A é necesariamente B]	10.Posibilidade-imposibilidade 11. Existencia-non existencia 12. Necesidade-continxencia

Para Kant **as categorías son conceptos puros** (baleiros de contido empírico) que **só producen coñecemento se se enchen de contido empírico** dado polo fenómeno. Son, por tanto, condicións ou elementos transcendentais do entendemento: fan posible o coñecemento a priori.

**A CATEGORÍA DE CAUSA-EFECTO (PRINCIPIO DE CAUSALIDADE):** As categorías máis importantes son as “categorías de relación”. En especial a categoría de "causa-efecto", pois soluciona o problema de Hume.

**Segundo Hume:** a conexión entre causa e efecto non é unha “conexión necesaria” como pensan os científicos, porque se observamos empiricamente a dilatación dos metais, por exemplo, o único que descubrimos é unha “sucesión temporal” entre causa e efecto, non unha “conexión necesaria. Polo tanto, de onde sacan os científicos que hai unha “conexión necesaria?, pois do "costume” de tela experimentado no pasado (ata agora sempre se dilataron os metais se aplicamos calor), pero que isto ocorrera no pasado non me da dereito a supoñer con total seguridade que vaia a ocorrer no futuro (predicións dos científicos físicos). Polo tanto, o suposto “determinismo” da física (conexións entre causas e efectos que explicarían a natureza de xeito determinista), non é tal determinismo e apoíase nunha simple “crenza. Os físicos “cren” (belief) que ocorrerá tamén no futuro, pero “crer” non é “demostrar” (ciencia), así que as predicións científicas para o futuro apóianse nunha “crenza só probable”. Isto significa que a física non é ciencia (coñecemento universal e necesario), senón só coñecemento “probable”. Por iso a filosofía de Hume remata nun “escepticismo” referente ao coñecemento científico, anque “escepticismo moderado” porque para a vida cotián supoñemos que os fenómenos ocorrerán como ocorreron no pasado (supoñemos que o sol sairá mañá, anque isto só sexa unha crenza).

**Como soluciona Kant este problema de Hume (negación da ciencia física)?** Pois Kant demostra que a Hume estaba equivocado: a conexión causa-efecto non é algo do mundo, non é unha “cuestión de feito” como pensaba Hume, non é un xuízo sintético “a posteriori” (segundo a terminoloxía de Kant), senón unha “categoría a priori” (previa á experiencia) do noso entendemento, que aplicamos aos fenómenos sensibles para explicar o mundo. Comproba que a categoría de causa-efecto non “procede” da experiencia, senón que a “precede” a priori, é dicir, é un xuízo sintético a priori. As “leis concretas” da natureza poden variar (por exemplo a dilatación dos metais), pero o “principio xeral” de causa-efecto non: poida que no futuro non se dilaten os metais, pero entón o noso entendemento preguntará cal é a “causa” deste novo “efecto”.

**Deste xeito, Kant soluciona o problema de Hume (a física non é ciencia) e dálle a razón a Newton:** a física newtoniana é ciencia: a física deixa de ser un coñecemento “probable” e convértese en algo “universal e necesario” (definición de ciencia dende Sócrates).

**Simplificando:** Kant viría a dicir algo así: supoñamos una lei causal da ciencia: "o calor dilata os metais"; Kant recoñécelle a Hume que este xuízo é unha “cuestión de feito” ou como Kant lle chama un xuízo sintético a posteriori, é dicir, procedente da experiencia: a experiencia móstranos que ocorre así no presente, pero non que necesariamente teña que ocorrer así no futuro. É posible que algún día aplicando calor aos metais estes contraían, por exemplo. Pero para Kant isto non iría en contra do "principio xeral de causalidade” que di "todo efecto ten unha causa"; pois neste caso tamén o noso entendemento buscará a “causa” deste novo “efecto”: a contracción dos metais. A estrutura a priori do noso entendemento réxese polo principio de causalidade. Logo os principios máis xerais da ciencia ("A ciencia pura da natureza") son universais e necesarios (contra o escepticismo de Hume, fundamenta Kant a ciencia de Newton).

**RESUMO DA ANALÍTICA TRANSCENDENTAL (TEORÍA DO ENTENDEMENTO):** O coñecemento deriva destas dúas fontes do coñecemento: a sensibilidade e o entendemento.

**Ambas son necesarias** para que se produza coñecemento.

A **sensibilidade** é a facultade **receptiva** (pasiva): ten o poder de **recibir representacións** (receptividade) mediante a **“intuición sensible”**, **sintetizando elementos a posteriori e a priori** (impresións por unha banda e espazo e tempo pola outra) formando **o fenómeno** da sensibilidade.

En cambio, **o entendemento** é a facultade **espontánea** (activa) que **produce conceptos puros a priori (categorías) que deben ser aplicados ao fenómeno da sensibilidade** para unificar as distintas **impresións referíndoas a un concepto**. Mediante a sensibilidade nos é **“dado”** un fenómeno, mediante o entendemento é **“pensado” o obxecto**. Como di Kant: **"Intuición e concepto constitúen pois os elementos de todo o noso coñecemento. De sorte que nin os conceptos sen unha intuición...nin a intuición sen os conceptos poden dar algún coñecemento"**. Por conclúe Kant **"Pensamentos sen contido son baleiros, intuicións sen concepto son cegas"**.

**En síntese: o coñecemento** componse polo **“dado” a posteriori** na experiencia ou **“materia”** do coñecemento (impresións dos sentidos) e polo **“posto” a priori** polo suxeito (espazo+tempo a nivel da sensibilidade e categorías a nivel do entendemento). **Unión de sensibilidade e entendemento**.

### **Conclusións da Analítica Transcendental**

**A)- O coñecemento é válido se aplicamos as categorías aos fenómenos experiencia** (por exemplo: os metais dilátanse coa calor). Pero **non se produce coñecemento se aplicamos as categorías a obxectos que están máis alá da nosa experiencia**; por exemplo cando digo "a alma é inmortal", "Deus existe", "o mundo foi creado" (os obxectos da **metafísica**).

**B)- Importantísima distinción entre “fenómeno” e “noumeno” (ou cousa en si)**. A nosa **sensibilidade** comeza por **non percibir a cousa tal e como é en si mesma (“cousa en si ou noumeno”)**, **senón só as impresións tal e como “aparecen” (fenómeno)**: as impresións (materia) modeladas polas formas a priori da sensibilidade (s+t).

**Tampouco o entendemento remata coñecendo a “cousa en si” ou “noumeno”**, senón que **as categorías se aplican sobre o “fenómeno”**. Ao tratar de coñecer as cousas **o suxeito “pon”** as súas **formas a priori (s+t+categorías)**, logo **o coñecido xa non é a cousa tal e como é en si**, senón **a cousa modelada polo suxeito**, a cousa **como se nos “aparece” a nosoutros**. Por iso Kant define o **“fenómeno” como o “límite positivo do coñecemento”** (o que pode ser coñecido) e o **“noumeno” (ou cousa en si) como “límite negativo do coñecemento”** (o incognoscible, o que non pode ser coñecido).

**C)- Remata o “xiro copernicano”**: pode dicirse que **o suxeito “constitúe” o obxecto**. O coñecemento pode **compararse coa obra dun pintor**: toma da realidade a materia ou obxecto que quere representar, pero engade a súa visión persoal. Por iso **a obra de arte non é xa a realidade**. Ou tamén podería dicirse que **o ser humano posúe unha especie de “gafas” (s+t+categorías) que filtran as cousas en si por medio dos elementos a priori (espazo e tempo na sensibilidade e categorías no entendemento**. Agora podemos entender como Kant acentúa o xiro subxectivista e o converte en **“xiro copernicano”: é o suxeito o que “constitúe” o obxecto**.

**D)- Kant define a súa filosofía como “idealismo transcendental”**: é **idealismo** porque coñecemos **“ideas” das cousas**, non as cousas en si mesmas como afirmaba a filosofía realista (Aristóteles, Tomás); i é **transcendental** porque **estas “ideas” non son algo só do suxeito** (como

en Berkeley), senón que **necesitan tamén da experiencia: fenómeno.**

Polo tanto **no suxeito existen “condicións transcendentais”** (s+t+categorías), é dicir, condicións que fan posible o coñecemento do obxecto, pero tamén se precisan os datos empíricos.

Isto significa:

- a) que o **espacio e tempo no son propiedades das cousas en si mesmas**
- b) que **estas cousas en si mesmas non poden ser coñecidas** (noúmeno), senón que
- c) o **obxecto é constituído polo suxeito** baseándose nas categorías aplicadas ao fenómeno.

Segundo Kant, **cando estas condicións transcendentais se aplican aos obxectos da experiencia obtemos coñecemento**, pero **cando se aplican a obxectos transcendentales** (máis alá da experiencia: ex. Deus, alma, mundo) **non se produce coñecemento**. Por tanto, **transcendentais** son as condicións que fan posible o coñecemento dentro da experiencia e **transcendentales** son os obxectos situados máis alá da experiencia.

## **2.- Demostración de que a física de Newton utiliza xuízos sintéticos a priori e que estes son aplicables a todo obxecto da experiencia.**

**Os xuízos xerais da física son xuízos sintéticos a priori**, están baseados nas categorías, por iso son válidos para todos os fenómenos.

Explicación: As categorías non proceden da experiencia senón que a preceden. Pero, **para coñecer, as categorías deben aplicarse ao fenómeno**. Logo os xuízos baseados nelas cumpríranse en todos os fenómenos. Estes xuízos serán xuízos sintéticos a priori (extensivos e non procedentes da experiencia, senón construtores dela). Por exemplo "Todo efecto ten unha causa" (categoría de relación: causa-efecto).

En conclusión: **Kant demostra, contra Hume, que a física pura (de Newton) é ciencia universal e necesaria porque os seus xuízos baséanse na "forma" do noso coñecemento** (espacio e tempo na sensibilidade e categorías no entendemento); e como as categorías teñen que aplicarse ao fenómeno (s+t+impresións) estas cumpríranse para todo fenómeno.

### **2.6.3.- A DIALÉCTICA TRANSCENDENTAL: (CRÍTICA DA RAZÓN)**

Esta parte da "Crítica da razón pura" é unha teoría da razón (entendida en sentido restrinxido, non no sentido amplo do título da obra). Nela extráense as conclusións máis importantes. Aquí Kant estuda:

- 1) O funcionamento da razón (entendida en sentido restrinxido)
- 2) Demostra que a Metafísica non é ciencia

#### **1.- O funcionamento da razón**

Ademais da facultade da sensibilidade e a facultade do entendemento existe unha terceira facultade que é a razón. O mesmo que a Sensibilidade traballa con intuicións e o entendemento con conceptos, a razón traballa con "ideas".

Segundo Kant **a razón non se conforma cos xuízos aplicados aos fenómenos por parte do entendemento**. A súa función é **enlazar xuízos para atopar xuízos cada vez máis xerais que sexan condición dos anteriores**. Por exemplo: todos os homes son animais, os animais son seres vivos, os seres vivos son seres do mundo etc. Así é como **a razón ascende en busca do que xa non sexa resultado de outra condición, busca pois o incondicionado**. Por iso Kant chama á

**razón a "facultade dos principios".**

Kant afirma que, mentres a razón manteña esta tendencia a buscar xuízos cada vez máis xerais dentro da experiencia, o noso coñecemento é válido porque o entendemento estará aplicando as categorías aos fenómenos da sensibilidade. Pero a razón non se conforma con isto, pois ten unha "**tendencia natural**" a traspasar os límites da experiencia en busca do incondicionado.

Así é como se **eleva por enriba da experiencia e chega ás "ideas" que compoñen a metafísica**.

A Metafísica componse pois de **tres ideas** e de **tres disciplinas** (herdanza do racionalista Wolff) que se ocupan de cada unha desas ideas:

- a) A **idea de mundo** abarca todos os fenómenos físicos. Dela ocúpase a **Cosmoxía Racional**
- b) A **idea de alma** (ou o eu) abarca todos os fenómenos psíquicos. Dela ocúpase a **Psicología Racional**.
- c) A **idea de Deus**, intenta unificar as dúas anteriores, e dela ocúpase a **Teoloxía Racional**.

Segundo Kant, **Deus, alma e mundo son "ideas" da razón**. E estas ideas teñen unha **función positiva** sempre e cando **non pretendamos con elas coñecer os seus obxectos: sérvennos de guía ou "focus imaginarius"** (foco imaxinario) para **ordenar todo o noso coñecemento**. A este uso positivo chámalle Kant **"uso regulativo" das ideas**.

## **2.- DEMOSTRACIÓN DE QUE A METAFÍSICA NON É CIENCIA**

Pero a conclusión máis importante é que **estas ideas non nos permiten "coñecer" nada**, porque para coñecer temos que **aplicar as categorías aos fenómenos**, é dicir, **encher as categorías de contido empírico**. Pero non temos experiencia de Deus, nin da alma, nin do mundo como **concepto xeral**. Logo estas ideas da metafísica non nos permiten coñecer os seus obxectos, xa que están máis alá dos límites da experiencia, é dicir, estes obxectos **son transcendentos**.

Kant desenvolve a crítica da metafísica tradicional dividíndoa nas súas tres ideas e criticando cada unha das disciplinas que se ocupan delas.

**A)CRÍTICA DA PSICOLOXÍA RACIONAL:** Esta disciplina trata da **idea de "alma" ou o "eu"** como **totalidade dos fenómenos psíquicos**. Pretende **coñecer a natureza absoluta da alma prescindindo de toda experiencia**, baseándose na única proposición "eu penso" (de Descartes). Pero **comete un erro de razoamento** que Kant denomina **"paraloxismos"**: argumentos falaces, ilusorios. O erro consiste en facer un uso ilexítimo da categoría de substancia: aplicar a categoría de substancia (pensante, res cogitans) á alma, é dicir, a algo situado máis alá da nosa experiencia, tratando de demostrar que existe como cousa en si (e non como fenómeno) e que é inmortal (res cogitans).

**B)CRÍTICA DA COSMOLOXÍA RACIONAL:** Esta disciplina trata da **idea de "mundo"** como totalidade dos fenómenos físicos. Os **erros que comete** esta disciplina denomínanos Kant **"antinomias"**. Son afirmacións opostas de igual verosimilitude (por exemplo: a) o mundo ten un comezo no tempo i é finito no espacio b) o mundo non ten principio no tempo nin límites no espacio. O erro de razoamento consiste en **crer que o espacio e o tempo sexan cousas en si, e non simples estruturas a priori do suxeito** como en realidade son. Coñecer se o mundo ten un principio ou non, está **máis alá dos límites do coñecemento humano**.

**C)CRITICA DA TEOLOXÍA RACIONAL:** Trata da **idea de "Deus"** como totalidade que **reúne todos os fenómenos físicos e psíquicos**. Tamén a idea de **Deus non é máis ca unha idea transcendente que xurde da razón e que está máis alá dos límites do coñecemento humano**: é

**“o ideal da razón pura”**. De Deus non temos experiencia (fenómeno) ao que poder aplicar as nosas categorías.

Por iso Kant **critica toda demostración da existencia de Deus**: critica o **argumento ontolóxico de Santo Anselmo** porque prescinde da experiencia, e critica tamén o **argumento cosmolóxico** (continxencia do mundo: vías de Tomé en xeral) e o **argumento teleolóxico** (5 vía de Tomé), **pois baséanse no principio de causalidade: unha categoría do entendemento que ten que aplicarse a fenómenos e Deus non o é**. Ningunha demostración é válida. **Non é de extrañar que Kant fose acusado de ateísmo**, pois **converte a Deus nunha “idea regulativa”**: un horizonte que nunca será acadado polo noso coñecemento, pero que ten a función de ordenar os demais coñecementos válidos.

### **CONCLUSIÓN DA “CRÍTICA DA RAZÓN PURA”:**

**Cando as categorías se aplican a obxectos situados máis alá da experiencia, non se produce coñecemento**, senón que facemos un **uso ilexítimo das categorías**: non aplicamos as categorías a fenómenos, senón a noúmenos. Logo a **conclusión máis importante da Dialéctica Transcendental** é que a **metafísica non é ciencia**, trata de obxectos que están máis alá do alcance do noso coñecemento, máis alá da experiencia. Por iso pode dicirse que a Dialéctica Transcendental extrae a conclusión máis importante da "Crítica da Razón Pura". A **"razón pura"**, é **dicir, baleira de contido empírico (racionalistas), ten "límites" tal e como dicían os empiristas, pero non está tan limitada como pretendía Hume, pois pode coñecer cientificamente dentro da experiencia**. Esta "razón pura" que pretendía sacar de si mesma todo o coñecemento era a razón "todopoderosa" racionalista, incluso a metafísica era ciencia para eles.

Por iso ten sentido falar dunha "Crítica" da **“razón pura” (a dos racionalistas) non só para “censurala”** dicindo que ten límites (empiristas), senón que é necesario **saber exactamente cales son os límites** do seu poder: así é como podemos **saber definitivamente que a metafísica non é ciencia nin o será nunca**: de aí o título do resumo da "Crítica da razón pura" que Kant escribiu para explicala: **"Prolegómenos a toda metafísica futura que haxa de poder presentarse como ciencia"**.

**Pero a conclusión de Kant ten consecuencias importantes: non podemos demostrar que Deus existe ou que a alma sexa inmortal, en consecuencia tampouco podemos demostrar que Deus non existe ou que a alma non sexa inmortal**. Como estes obxectos están **máis alá do poder** do noso **coñecemento teórico** (razón teórica), nada impide que podamos **“crer”** neles, anque **“non coñecelos”**. Esta posibilidade da **“crenza”** explóraa Kant na obra **"Crítica da razón práctica" ou Ética de Kant**.

## **TEXTOS DE KANT SOBRE O COÑECEMENTO**

Kant (texto 2) Crítica da Razón Pura (1787)

De que o noso coñecemento comeza coa experiencia, diso non hai dúbida; pois, por que outro medio ía espertar a facultade de coñecer para o seu exercicio como non fose polos obxectos que tocan os nosos sentidos, que por unha banda provocan por si mesmos representacións e, por outra, poñen en movemento a nosa actividade intelectual para comparalas, ligalas ou separalas, transformando deste xeito a materia bruta das impresións sensibles en coñecemento dos obxectos que chamamos experiencia? Non hai, pois, na orde do tempo, ningún coñecemento que preceda en nós á experiencia e con ela comeza todo coñecemento. Mais, aínda cando todo o noso coñecemento empece coa experiencia, non por iso todo el procede exactamente da experiencia.

Pois ben podería ser que mesmo o noso coñecemento empírico fose un composto do que recibimos a través das impresións e do que a nosa propia facultade cognoscitiva (apenas estimulada polas impresións sensibles) produce por si mesma, engadido este que nós non poderemos distinguir daquela materia prima antes de que un longo exercicio chame a nosa atención sobre iso e nos faga hábiles para levar a cabo a súa separación. Hai, pois, cando menos, unha cuestión necesitada dunha máis minuciosa investigación e que non se pode despachar cunha primeira ollada: a de se hai semellante coñecemento, independente da experiencia e ata de todas as impresións dos sentidos. Tal coñecemento denomínase a priori e distínguese do empírico, o cal ten as súas fontes a posteriori, é dicir, na experiencia.

KANT, Crítica da razón pura (1787). Introducción (I. Da distinción do coñecemento puro e empírico).

KANT (texto 3) Crítica da razón pura (1787)

Se chamamos sensibilidade á receptividade do noso ánimo (psique), para captar representacións en canto sexa dalgún xeito afectado, en contrapartida, a facultade de producir por nós mesmos representacións, a espontaneidade do coñecemento, será entendemento. Á nosa natureza pertence que a intuición nunca poida ser máis ca sensible, é dicir, contén unicamente o modo como somos afectados polos obxectos. Pola contra, a facultade de pensar o obxecto da intuición sensible é o entendemento. Ningunha destas propiedades prevalece sobre a outra. Sen sensibilidade ningún obxecto nos sería dado, e sen entendemento ningún podería ser pensado. Pensamentos sen contido son baldeiros, intuicións sen conceptos son cegas. Por iso tan necesario é facer os seus conceptos sensibles (é dicir, agregarlle o seu obxecto na intuición) como facer comprensibles as súas intuicións (é dicir, sometelas a conceptos). Ambas as dúas facultades ou capacidades non poden tampouco permutar as súas funcións. O entendemento non pode intuír nada e os sentidos non poden pensar nada. Unicamente na súa reunión pode orixinarse o coñecemento. Non por iso, non obstante, podemos mesturar a súa participación, senón que hai serios motivos para separalos coidadosamente e distinguilos entre si. Por iso distinguimos a ciencia das regras da sensibilidade en xeral, é dicir, a estética, da ciencia das regras do entendemento en xeral, é dicir, a lóxica.

KANT; Crítica da razón pura, (A51/B75-A52/B76) I. (Doutrina transcendental dos elementos), 2ª parte (A lóxica transcendental).

## TÓPICO: A ÉTICA FORMAL DE KANT: O IMPERATIVO CATEGÓRICO

O mesmo que a súa teoría do coñecemento é revolucionaria, tamén a ética de Kant produciu unha revolución na historia da ética.

Dúas son as obras nas que Kant expón o seu pensamento ético "**Fundamentación da metafísica dos costumes**" e "**Crítica da razón práctica**".

Na "Crítica da razón pura" Kant respondeu á pregunta ¿que podo coñecer?, demostrando as condicións e límites do coñecemento teórico. Pero o home tamén necesita saber como **debe** obrar; para iso hai que responder a segunda cuestión do "concepto mundano de filosofía": **¿que debo facer?**. A **razón** ten pois unha dobre función:

- 1.- Coñecer como **son** os obxectos: Razón teórica
- 2- Saber como **debe ser** a conduta humana: Razón práctica

A ciencia (razón teórica) ocúpase do **ser** das cousas, a moral ou ética (razón práctica) ocúpase de como **deber ser** a conduta humana. A razón teórica formula **xuízos** (ex. "o calor dilata os corpos"), a razón práctica (ética) formula **imperativos** ou mandamentos (ex. "non debes mentir"). Para saber cómo debe ser a conduta non precisamos da experiencia: anque comprobemos empiricamente que todos os homes menten, sigue a ser verdade que non **deben** mentir. Esta é unha verdade a priori.

Mentres que a razón teórica necesita da experiencia (dada en outra facultade: a sensibilidade) para **constituír** os seus obxectos aplicando **a forma** (categorías+s+t) **á materia** dada na experiencia (datos sensibles), en troques, na súa función práctica, a razón **produce** os seus obxectos a partires de si mesma, produce eleccións ou decisións morais sen necesidade da experiencia. En ética, Kant non se preocupa dos elementos empíricos e psicolóxicos (desexos, sentimentos, egoísmo etc.) que determinan as eleccións que de feito fan os homes, senón que busca o **elemento a priori** da razón (**o elemento formal**) que determina a elección da vontade: a razón práctica é a facultade que determina a súa propia causalidade. En ética, Kant rexeita todo empirismo i é un racionalista. Por iso a súa ética é unha **ética formal: baleira de contido**.

Segundo Kant, a ética que guíe a conduta humana debe ser estritamente **racional e universal**. Racional porque a vontade debe guiarse pola razón e Universal porque ha de ser válida para toda vontade. Ao ser universal non pode quedarse en "**máximas**" **subxectivas**, senón que debe aspirar a **leis obxectivas**.

Vexamos o razoamento de Kant.

### **3.1.- Crítica de todas as éticas materiais**

Segundo Kant, calquera ética anterior á súa é material, é dicir, ten **materia** ou **contido**, ou o que é o mesmo: baséase na experiencia. Esta materia ou contido é dobre: a) establece un determinado **ben** (fin) para o home e b) establece unhas **normas** (medios) para acadalo.

Por exemplo:

-A ética epicúrea: a) o ben: o pracer b)normas: afástate da política. Esta é unha ética material e materialista: ten contido (un ben e unhas normas) e este contido é algo material, físico: o pracer.

-A ética aristotélica: a)o ben: a contemplación intelectual b) normas: termo medio. Esta é unha ética material, pero non materialista senón espiritualista: ten contido e ese contido é algo espiritual, non material: a contemplación racional.

É importante non confundir ética material con ética materialista (hai éticas materiais materialistas e espiritualistas). O contrario de material é formal, o contrario de materialista é espiritualista.

Kant cre que todas as éticas anteriores á súa, ao ser materiais, teñen os seguintes **defectos**:

- a) Son **empíricas ou a posteriori**: o seu contido está extraído da experiencia. Por esta razón os seus imperativos non poden ser universais: só os xuízos a priori poden ser universais.
  - b) Son **heterónomas**: reciben a lei dende fóra da propia razón. Segundo Kant, as éticas materiais son heterónomas porque a vontade non é determinada pola propia razón, senón polo desexo ou inclinación. Por exemplo, a ética epicúrea di que a vontade humana é determinada polo pracer (algo alleo á razón, procedente de fóra da propia razón: o pracer é unha paixón). Estas éticas non cumpren o requisito de ser racionais ou autónomas.
  - c) As súas normas, imperativos ou mandatos son **hipotéticos ou condicionais**: non valen absolutamente, senón que só valen se se cumpre a condición. Teñen a forma "se....entón..". Por exemplo a norma epicúrea: "se queres ser feliz, vive oculto"; a norma "vive oculto" é un **medio** para alcanzar un **fin** condicional "se queres ser feliz". Pero se alguén non quere ser feliz, logo a norma non vale para el. Por tanto, as éticas cuxos imperativos son xuízos hipotéticos non poden ser válidas para todos os homes, non poden ser universalmente válidas.
- En resumo: Kant critica todas as éticas anteriores á súa por ser **materiais**, é dicir, con contido. Os tres defectos que presentan son: a) son empíricas ou **a posteriori** (por tanto, non poden ser universais) b) son **heterónomas** (por tanto, non poden ser verdadeiramente racionais, autónomas) e c) utilizan **imperativos** (mandamentos) **hipotéticos** ou condicionais (segunda razón pola que non poden ser universais). Por tanto, as súas "**máximas**" son subxectivas, non poden ser leis obxectivas: válidas universalmente.

### 3.2.- A ética formal kantiana

Kant pretende establecer unha ética **universal e racional**. Esta ética debe resolver os defectos das éticas materiais:

- a) Para ser universal e racional non pode ser empírica ou a posteriori, senón **a priori**. No pode ser extraída da experiencia, senón que ten que preceder á experiencia (do contrario non sería racional nin universal).
- b) Tampouco pode utilizar imperativos hipotéticos ou condicionados, senón un **imperativo categórico**, é dicir, absoluto, non suxeito a ningunha condición (do contrario, non sería universal). O imperativo categórico é único, fronte aos imperativos hipotéticos das éticas materiais, que sempre teñen necesidade de engadir novos imperativos cando cambian as circunstancias.
- c) Tampouco pode ser heterónoma, senón **autónoma**. A razón ten que darse a si mesma a lei, non pode tomala de fóra da propia razón (ideal ilustrado).

En consecuencia, unha ética que sexa **a priori, categórica** nos seus imperativos, e **autónoma** só pode ser unha **ÉTICA FORMAL (ou procedemental)**, é dicir, **sen materia, sen contido (só nos di a FORMA da lei)**, en ningún dos dous sentidos de contido:

- a) non establece un ben ou fin
- b) tampouco establece os medios (normas) para acadar este fin

Esto significa que a ética formal kantiana non nos di o que debemos facer, senón só a forma (sen contido, sen materia) que deben ter as nosas normas morais.

Segundo Kant, a elección da nosa vontade (liberdade) pode realizarse mediante dous tipos de principios:

- a) subxectivos ou **máximas**, cando a condición é considerada polo suxeito como válida unicamente para a súa vontade.
- b) obxectivos ou **leis prácticas**, cando a condición é considerada válida para todo ser racional.

Kant cre que as éticas materiais posúen só máximas subxectivas, e só a súa ética formal posúe unha lei práctica. Esta lei fundamental da razón pura práctica é o **imperativo categórico**: cumpre as condicións de ser a priori, categórico, autónomo, e por tanto, formal. Isto é posible porque só establece a forma, non o contido da norma moral. Como é universalmente válido para toda vontade racional, é unha lei obxectiva e non unha máxima subxectiva.

Existen varias **formulacións do imperativo categórico ou lei moral**, aunque todas elas expresan o mesmo (obra: Fundamentación da metafísica dos costumes"):

- 1) "Obra só segundo unha **máxima** tal que podas querer ao mesmo tempo que se torne **lei universal**". Esta formulación mostra a) o **carácter formal** (pois non establece ningunha norma concreta, senón só a forma que debe ter a norma que o suxeito "autónomo" se de a si mesmo) e b) a **esixencia de universalidade** (propia da moral racional). A "máxima" que cada un se de a si mesmo debe ser tal que o suxeito poda querer que se converta en "lei universal"; en outras palabras: o individuo é libre, autónomo para elixir o "contido" da norma, sempre que este se adecúe á forma universal.
- 2) "Obra de tal xeito que uses a **humanidade**, tanto na túa persoa como na de calquera outro, **sempre coma un fin** e nunca coma un medio". Esta formulación engade a idea de home como **fin en si mesmo**: só o ser humano como ser racional é fin en si mesmo, non pode utilizarse como simple medio. Kant denomina "**reino dos fines**" ao reino dos seres racionais ou reino da liberdade e autodeterminación: autonomía.

### 3.3.- O deber

As éticas materiais perseguen un ben mediante uns medios; por tanto, segundo estas unha acción boa é aquela que serve de medio para acadar o fin proposto (ex: para os hedonistas: medio "non comas en exceso" fin: "para acadar o pracer". Pero como a ética formal de Kant non establece nin medios nin fins, posto que son materia, senón só a forma que debe cumprir calquera norma que o suxeito se de autonomamente a si mesmo, ¿cómo podemos saber cando unha acción é boa?. Segundo Kant, non hai un ben que poda ser universal, só a lei práctica da vontade o é; por iso para Kant **o único ben** universalmente válido é a propia lei práctica, é dicir, a **vontade boa**, por iso di Kant:

"Nin no mundo, nin, en xeral, fóra do mundo, é posible pensar nada que poda considerarse como bo sen restrición, a non ser tan só unha vontade boa" (na obra "Fundamentación...").

Por tanto, como o único ben é a propia "forma" ou lei práctica que a vontade se da a si mesma, unha acción será boa só se a **vontade** coa que se fai é **boa**, e a vontade é boa só cando **respecta a lei práctica**: o que move á vontade a obrar ben é o **respecto pola lei práctica**. Pero actuar por respecto á lei práctica é actuar "**por deber**", é dicir, pola obriga que se impón a si mesma a vontade autónoma. Así enténdese que Kant diga "vontade libre e vontade sometida a leis morais son unha e a mesma cousa" (influencia da "vontade xeral" do contrato social de Rousseau).

Por tanto, unha acción é boa cando se fai "por deber" autoimposto (cando é consecuente coa lei autoimposta). Por iso se di que a ética de Kant non é unha ética dos fins (teleolóxica), senón una **ética das intencións** que respecta o deber (deontolóxica).

Así Kant distingue tres tipos de accións:

- a) **Accións contrarias ao deber**: Kant pon o exemplo de un comerciante que cobra prezos abusivos tendo como fin enriquecerse. Esta máxima é contraria á lei moral, pois non pode converterse en lei universal: válida para todos.
- b) **Accións conformes ao deber**: un comerciante que non cobra prezos abusivos para gañar clientes. Esta máxima é conforme ao deber pero non "por deber", pois podería ser que a razón de non cobrar prezos abusivos non fose a honradez, senón o interese comercial. A acción convértese nun medio para conseguir un fin (asegurarse a clientela). Esta máxima tampouco valería para todos.
- c) **Accións "por deber"**: sería o caso dun comerciante que non cobre prezos abusivos porque non debe cobralos, por respecto ao puro deber. **Só as accións por deber son moralmente boas**. Neste caso a acción é un **fin en si mesmo**. Por tanto a moralidade de unha acción non radica no fin ou propósito, senón na **intención** cando esta é o deber.

**En conclusión:** a moral de Kant é estritamente racional. Pero o home non é só razón, senón que a súa vontade está suxeita tamén ao desexo ou inclinacións. Se fóssemos seres exclusivamente racionais, as nosas accións concordarían sempre coa lei moral, pero como na práctica os desexos e inclinacións inflúen nas nosas decisións, por iso a lei moral se nos presenta como mandamento ou imperativo, como obriga. A razón pura práctica dá ordes e o noso deber consiste en vencer os desexos que se opoñan a esas ordes. Cando actuamos por deber somos virtuosos. A virtude consiste en actuar unicamente por deber. Pero como isto non ocorre habitualmente, por iso non somos seres completamente virtuosos. A virtude ao non ser perfecta no home, este non pode acadar a felicidade nesta vida, senón que só se fai "merecedor da felicidade". Só nunha vontade santa (Deus) coinciden virtude e felicidade.

### 3.4.- Os postulados da razón práctica

O home non pode acadar nin a virtude nin a felicidade nesta vida. É un ser limitado e dividido: solicitado pola lei moral, pero tamén polos desexos. Pero a existencia da razón pura no seu uso práctico, moral, apóiase no suposto de que somos seres racionais e libres para determinar a vontade autonomamente; e como non é posible nesta vida que actuemos sempre conforme á lei moral ao estar influídos polos desexos, logo a razón práctica polo simple feito de existir, **esixe ou supón** necesariamente (como di Kant **postula**) como condición da moral mesma certos **postulados da razón práctica**. Estes son tres:

- a) **A liberdade:** poder obrar só por respecto ao deber, vencendo as inclinacións contrarias, supón a liberdade do ser humano. Do contrario sería imposible.
- b) **A inmortalidade da alma:** a razón ordénanos aspirar á virtude (obrar sempre por deber, non por desexos) e como esta perfección é imposible nesta vida finita, só será posible nun proceso infinito, que por tanto supón unha duración infinita, é dicir, a inmortalidade da alma.
- c) **A existencia de Deus:** como a razón ordénanos aspirar á virtude pero sen conseguilo nesta vida, senón que nela nos facemos só "merecedores da felicidade". Por iso é lóxico supoñer a existencia de un ser que nos garanta a unión de virtude e felicidade: a existencia de Deus é unha "fe racional" para Kant.

**Conclusión:** A "Crítica da razón pura" demostrou que non é posible un coñecemento dos obxectos da metafísica, pois non aplicamos categorías a fenómenos da experiencia, senón a noumenos. Por tanto, a metafísica non é posible como ciencia. A conclusión á que chegou Kant naquela obra é: non é posible demostrar que Deus exista, a alma sexa inmortal etc., pero tampouco podemos demostrar que non exista, pois os obxectos da metafísica están máis alá do poder da nosa razón teórica. Pero estas realidades, anque non son obxectos de coñecemento, teñen que ser postulados como esixencias da razón práctica. É necesario supoñelos como condición da moralidade mesma, **postúlanse** dende a razón práctica porque non poden ser **demostrados** dende a razón teórica.

## TEXTOS DE KANT SOBRE A ÉTICA

KANT (texto 4) Fundamentación da metafísica dos costumes.

Pois ben, todos os imperativos ordenan ou hipotética ou categoricamente. Aqueles [os hipotéticos] representan a necesidade práctica dunha posible acción como medio para acadar outra cousa que se queira (ou que posiblemente se queira). O imperativo categórico sería aquel que representa

unha acción como obxectivamente necesaria por si mesma, sen relación con ningún outro fin. (...) Un imperativo que, sen poñer como condición ningún outro propósito acadable por medio dun determinado comportamento, ordena ese comportamento de inmediato. Tal imperativo é categórico. Non concirne á materia da acción e ó que dela poida resultar, senón á forma e ó principio do que ela mesma se deriva, e o esencialmente bo de tal acción reside na disposición de ánimo, calquera que sexa o resultado da acción. Este imperativo pode chamarse o imperativo da moralidade. KANT: Fundamentación da metafísica dos costumes, Cap. 2 (Tránsito da filosofía moral popular á metafísica dos costumes)

#### KANT (texto 5) Fundamentación da metafísica dos costumes

Todos os seres racionais están, pois, baixo a lei segundo a cal cada un ha de tratarse a si mesmo e a todos os demais en toda circunstancia simultaneamente como un fin en si mesmo e nunca como un simple medio. Xorde de aquí unha sistemática ligazón de seres racionais por medio de leis obxectivas comúns, é dicir, un reino, o cal, posto que esas leis teñen precisamente por obxecto a relación destes seres entre eles como fins e medios, pode chamarse un reino dos fins (claro está só como ideal). (...) No reino dos fins todo ten ou ben un prezo ou ben unha dignidade. O que ten un prezo é aquilo en cuxo lugar pode ser posto algo como equivalente; o que, pola contra, está por encima de todo prezo, non admitindo, xa que logo, ningún equivalente, iso ten unha dignidade. O que se refire ás inclinacións e necesidades humanas ten un prezo de mercado; o que, mesmo sen presupoñer unha necesidade, se acomoda a un certo gusto, é dicir, a unha satisfacción do mero xogo, sen finalidade ningunha, das nosas facultades anímicas, ten un prezo afectivo; aquilo, non obstante, que constitúe a condición baixo a cal unicamente pode algo ser fin en si mesmo, iso, simplemente, non ten ningún valor relativo, é dicir, un prezo, senón un valor intrínseco, é dicir, dignidade. A moralidade é, pois, a condición unicamente baixo a cal un ser racional pode ser fin en si mesmo, porque só por medio dela é posible ser un membro lexislador no reino dos fins. Así pois, a moralidade e a humanidade, en canto capaz de moralidade, é o único que ten dignidade. KANT: Fundamentación da metafísica dos costumes, Cap. 2 (Tránsito da filosofía moral popular á metafísica dos costumes).

# COMPLEMENTOS PARA OS COMENTARIOS DE TEXTO E OS TEXTOS COMPETENCIAIS

## CONCLUSIÓNS PARA OS COMENTARIOS OU TEXTOS COMPETENCIAIS

### 1) CONCEPTO FUNDAMENTAL DE TODA A SÚA FILOSOFÍA: “autonomía da razón”.

Este concepto é central na obra “Que é Ilustración?”.

E anque a primeira vista non o pareza, tamén na súa obra mestra “Crítica da razón pura” o concepto central é a “autonomía da razón”, pois nesta obra é “a razón pura racionalista” a que se somete á “crítica do empirismo”, sendo a propia razón o tribunal e o reo deste xuízo: a razón pura sométese á crítica da propia razón.

E, finalmente, na ética “Crítica da razón práctica”, tamén o concepto central é a “autonomía da razón práctica”, como se mostra na súa “ética formal” (baleira de contido e que indica só a forma), “ética deontolóxica” (baseada no “deber” que nos manda a razón práctica) ou “ética procedemental” (que respecta a liberdade do ser humano cando busca o “procedemento” racional do seu actuar ético. Isto queda claro no seu “imperativo categórico”, pois un “imperativo” é un mandato, e por ser “categórico” non está sometido a condicións (non é un imperativo hipotético coma os das éticas materiais). Pero se un imperativo, isto é, un “mandato”, é “categórico” (sen condicións), e se ademais Kant defende a “autonomía da razón”, entón so queda un camiño para entender este mandato: que non mande nada concreto, pois neste caso seríamos “hererónomos” e non “autónomos”: deixariámonos guiar polo unha autoridade externa á razón). Polo tanto, o mandato non pode ter “contido”, non pode ser “material”, senón que só nos debe dar a “forma” da nosa actuación moral respectando a nosa “autonomía moral” (liberdade): actúa segundo unha máxima que poida converterse en lei universal” (imperativo categórico): non che di o que tes que facer, senón que só di: ti es libre (autónomo) e podes elixir calquera modo de actuar con só unha condición: que isto que elixas poida valer para todos os demais seres humanos.

**En palabras máis cotiáns: non fagas o que non che gustaría que che fagan a ti, ou a túa liberdade remata onde comeza a liberdade das demais persoas.**

## INFLUENCIAS POR MATERIAS:

### 2) INFLUENCIAS NO CONCEPTO DE ILUSTRACIÓN (TEXTO 1):

- Inflúe na Escola de Frankfurt do século XX: din que durante o século XX a filosofía perdeu de vista o “proxecto ilustrado” e tratan de recuperar o proxecto dos ilustrados: poñer o saber ao servizo do interese práctico: acadar unha sociedade xusta. De isto fala o frankfurtiano Adorno na obra “Dialéctica da Ilustración”.

### 3) INFLUENCIAS NA TEORÍA DO COÑECEMENTO (TEXTOS 2 E 3):

3.1) Influencia no idealismo alemán de Fichte, Schelling e principalmente en Hegel: Os idealistas eliminan a distinción entre fenómeno e noúmeno, negando a existencia do segundo. Para Hegel non existe outra realidade que o suxeito, sendo o obxecto produto total do suxeito. A verdade non está nos elementos individuais, senón no proceso completo “a verdade é o todo”.

O idealismo alemán dende o principio (Fichte) partiu da crítica ao concepto de “cousa en si ou noúmeno” kantiano e tamén da obra de Kant “Crítica do xuízo”. Se a “cousa en si” é o límite negativo do coñecemento humano, entón eliminemos a “cousa en si” e quedemos só coa “espontaneidade” (actividade) do entendemento, así remataremos nun idealismo non “transcendental”, senón “absoluto” coma o de Hegel.

Os tres autores do idealismo alemán son:

- a) Idealismo subxectivo de Fichte
- b) Idealismo obxectivo de Schelling
- c) superación “dialéctica” dos dous anteriores no idealismo absoluto de Hegel.

**3.2) Influencia en Marx:** Marx realizou un “segundo xiro copernicano”: Contra o idealismo de Hegel, Marx afirma que non existe outra realidade que a materia, sendo a verdade un produto histórico: “Materialismo histórico”.

**3.3) Influencia na filosofía neopositivista:** unha achega importante de Kant foi a delimitación do coñecemento científico dicindo que pode ser instituído empiricamente, desligando o seu contido de calquera elemento extra-empírico. Isto influirá nos pensadores neopositivistas para os que só existe o coñecemento científico.

#### **3.4) Influencia nas Escolas Neokantianas:**

Houbo dúas:

- **A Escola de Marburgo (Natorp e Cohen):** que se centran na formulación da ciencia segundo Kant: xuízos sintéticos a priori. Cohen, Natorp: Interpretan o kantismo como unha metodoloxía da ciencia e opuxéronse a toda interpretación metafísica.

- **A Escola de Baden: - Wilhelm Windelband:** que distingue entre ciencias nomotéticas (naturais exactas) e idiográficas (sociais: non estudan as normas -nomos-, senón os feitos histórico-sociais que son “únicos” idio: do grego individuais). Esta escola é a que distingue entre “natureza” e “cultura” (ciencias nomotéticas e idiográficas). A liña que estuda as ciencias idiográficas inflúe no “historicismo” de Dilthey. En cambio, Heinrich Rickert: céntrase no estudo dos valores (ciencias sociais). O estudo dos valores continuará na filosofía de Max Scheller.

**3.5) Influencia na fenomenoloxía de Husserl** (un mestre de Heidegger): a fenomenoloxía de Husserl é tamén unha **filosofía do “suxeito transcendental”**. Por tanto, Kant inflúe nel en canto á súa interpretación do mundo dos obxectos como “actos de conciencia”. Segundo Husserl hai que recuperar a realidade (perdida na filosofía do idealismo alemán). **O coñecemento humano ten un “a priori” como dixo Kant, pero non só subxectivo ou formal (noesis), senón tamén obxectivo (noema) ou material.** Así a divisa da súa filosofía é **“Ás cousas mesmas”**: estudar as cousas mesmas eliminando a carga histórica dos prexuízos (**epojé: poñer entre parénteses os coñecementos previos** sobre o obxecto e centrarse na descrición do obxecto fenomenolóxico). No coñecemento humano prodúcese unha conxunción da intencionalidade do suxeito cognoscente (noesis) e esta intencionalidade diríxese cara ás cousas coñecidas (noema). **Por iso significa unha recuperación do obxecto eliminado polos idealistas.**

**3.6) Crítica de Nietzsche:** dende o seu ateísmo radical, Nietzsche críticalle a Kant que segue sendo un **“cripto-católico”**: cérralle a porta de diante á Metafísica (Relixión) na “Crítica da razón pura”, pero logo ábrelle a porta de “atrás” deixando entrar a metafísica na filosofía na “Crítica da razón práctica” que ten por fundamento os “postulados da razón”: inmortalidade da alma e Deus.

**3.7) Influencia en Heidegger:** considera a crítica da metafísica de Kant como a inauguración de unha nova maneira de facer metafísica.

**3.8) Influencia na Escola de Psicoloxía da Gestalt** (Max Wertheimer e Wolfgang Köhler. Esta escola alemá do psicoloxía afirma que a nosa percepción dos obxectos réxese por unhas leis que son “a priori”: continuidade, peche etc. Nisto coinciden con Kant.

#### **4) INFLUENCIAS NA ÉTICA E POLÍTICA (TEXTOS COMPETENCIAIS):**

Para un texto competencial, hai que resumir as ideas básicas da ética de Kant: crítica das éticas materiais, características da súa ética formal (deontolóxica ou procedemental), imperativo categórico, o deber etc. En canto a influencias en filósofos posteriores temos:

- Influencia na ética dos valores de Max Scheller
- Influencia na teoría da xustiza de Rawls: o “velo da ignorancia”

**Pero en canto a influencias xerais no mundo actual temos:**

**a) A ética de Kant e a IA: Texto compentencial PAU 2026.** Tratábase de relacionar a perda da autonomía moral do ser humano por causa da Intelixencia Artificial que toma decisións sen ter en conta a autonomía moral do ser humano. Para contestar a esta pregunta podemos ter en conta o texto 1 da obra “*Que é Ilustración?*”, pero sobre todo hai que relacionar a “autonomía” moral do ser humano coa IA, tomando como base o tema da ética de Kant. Tratábase de resumir as críticas de Kant ás éticas materiais e as características da súa ética formal, o imperativo categórico (2 formulacións), e relacionar isto coa perda de autonomía do ser humano nas decisións que deixan de ser éticas por causa da IA, que toma decisións sen ter en conta a autonomía moral do ser humano (incluso nas decisións que teñen que ver cos ataques de mísil na Guerra de Irán, por exemplo, guiados por algoritmos sen ter en conta a ética: a decisión humana sobre o que está ben ou o que está mal. O mesmo se pode argumentar para decisións tomadas por algoritmos da IA para convencer aos votantes de extrema dereita dun país guiándose por algoritmos.

**B) Outra relación co mundo actual: A idea de “autonomía na ética”** (segundo o seu concepto de Ilustración) respectando a liberdade dos demais seres humanos (imperativo categórico). A idea do “reino dos fins” (segunda formulación do imperativo categórico) postula tratar de construír unha sociedade xusta e racional na que os seres humanos actúen racionalmente segundo o imperativo categórico: o ser humano é libre, non ten prezo, senón “dignidade”. E precisamente esta idea foi a base sobre a que se tratou de construír un “mundo civilizado”, despois da barbarie do holocausto nazi ao rematar a Segunda Guerra Mundial. Así hai que entender a influencia da ética de Kant no mundo actual:

Influencia na fundación da ONU e a posterior “Declaración Universal dos Dereitos Humanos” tras a 2ª Guerra Mundial: debido a que Kant defende o “dereito cosmopolita” (Dereito internacional) e da capacidade de constituír unha sociedade de nacións, como afirma na obra “A paz perpetua”.

## 5) CONCEPTO DE HISTORIA E RELIXIÓN

A última pregunta de Kant **¿que me cabe esperar?** debe ser respondida pola “**Relixión** dentro dos límites da propia razón”

A relixión: apunta á realización última e perfecta do fin do ser humano. Pero como este fin último vai realizándose a través do tempo, **a Historia** é un paso esencial para responder á última pregunta.

**5.1)A HISTORIA:** Para explicar a Historia, Kant fala: primeiro da dimensión do **home como ser individual ou "animalidade" do home**. Neste aspecto o home é “**insociable**” por natureza. Pero segundo lugar, fala Kant do **home como “ser social”** ou humanidade do ser humano. Neste sentido é un ser “**sociable**”.

Así se entende a súa definición do ser humano como “**insociable sociabilidade**”.

Esta “insociable sociabilidade” do ser humano hai que entendela coma un proceso lento, pero constantemente progresivo das disposicións orixinarias do xénero humano que ocorre ao longo da “**Historia**”. Un home so non pode desenvolver as disposicións orixinarias do home, por iso é necesario **o transcurso temporal da Historia na que a especie humana desenvolve as súas disposicións en sociedade**. Por iso Kant fala da “**insociable sociabilidade**” do ser humano. A Historia busca, como soberano ben, a organización de unha sociedade que produza a intención da Naturaleza: **una sociedade plenamente xusta e racional**.

Así que a realización da esencia humana ao longo da historia, esixe a sociedade, na que haxa maior liberdade e determinación dos límites da liberdade (é dicir: o **Dereito Internacional**). Para

que isto sexa posible é necesario non só o desenvolvemento dunha sociedade xusta, senón tamén unha relación xusta entre os Estados: isto é, unha **“Liga de nacións”**. Acadar "o soberano ben" é unha tarefa de todo o xénero humano, é dicir, as ideas da obra **"A paz perpetua" é o sentido último da Historia**. Isto queda exposto tamén na súa obra **"Idea de unha historia universal en sentido cosmopolita" 1784**.

**5.2) PASO DA MORAL Á RELIXIÓN:** a tendencia a realizar o "soberano ben" esixe a relixión. Kant reinterpreta o tema do pecado orixinal da Biblia nunha dimensión estritamente ética: o mal non é herdanza do pecado orixinal (cristianismo), senón que radica na **fraxilidade da liberdade humana para practicar a lei moral**, pero o resultado final da moral debe ser o **triunfo do ben**. Este "soberano ben" só é posible nunha vontade moralmente perfecta, nunha **“vontade santa e todopoderosa”**: deus. Por tanto, o home ten que considerar os deberes da vontade libre como mandatos divinos, que, ao mesmo tempo, seguen sendo leis da propia razón. Por iso **Kant rexeita toda relixión positiva** (baseada en ritos e dogmas aceptados por tradición) sin que medie a razón práctica, e **defende unha relixión natural ou moral** (racionalización da relixión) coherente co proceso de secularización ilustrado (Deísmo). Esta é pois **unha relixión filosófica: é "A relixión dentro dos límites da mera razón"**.

Por tanto, a pregunta **¿que me cabe esperar?** é un asunto ao que debe responder esta **"relixión natural" (racional ou deísmo)** e ven **esixida pola propia moral autónoma**: debe ser posible na outra vida unha unión entre virtude e felicidade nunha “Vontade Santa” coma a de deus, pero nesta vida ao ser humano só lle queda aspirar a unha moral o máis racional posible, que nunca será perfecta e, por iso, no ser humano nunca poderán coincidir virtude e felicidade como ocorre na “vontade santa de deus”.

**6) PARA UN TEXTO COMPETENCIAL: En palabras máis cotiáns:** o ser humano é imperfecto: a súa razón práctica “mándalle” (imperativo categórico) comportarse de xeito racional respectando a liberdade e dignidade das demais persoas, pero resulta que o ser humano nesta vida poucas veces se comporta seguindo o mandato da razón práctica, senón que se deixa guiar polos seus “desexos” (algo externo á razón), e por iso o ser humano nunca se comporta nesta vida dun xeito completamente racional, por iso a súa vontade nunca será “Santa” coma a de deus. Polo tanto, unha sociedade perfectamente “racional” nunca é posible neste mundo, pero o ser humano debe aspirar a esta “utopía” anque nunca chegue a realizarse plenamente.

**Poñamos un exemplo disto:** en xeral consideramos que os países nórdicos funcionan dun xeito máis “racional” que os países do sur, que **os nórdicos son máis “civilizados”**. Significa isto que son perfectos? Non, claro, pero **achéganse máis ao “reino dos fins”** (actuar racionalmente respectando a dignidade do ser humano). Este “reino dos fins” do que fala Kant na súa ética (segunda formulación do imperativo categórico) é **unha “utopía” á que ningunha sociedade chegará posiblemente nunca, pero non é o mesmo achegarse máis a esta utopía que achegarse menos**. Canto máis nos acheguemos máis preto estaremos de ser unha “Vontade Santa” coma a do deus racional que postula Kant.

**Estámonos achegando á utopía de Kant? Ou volvemos ao mundo salvaxe anterior á Segunda Guerra Mundial coa Guerra de Irán de Trump e Netanyahu polo control do petróleo e o dominio de Oriente Medio tratando de exterminar aos gazatíes para construír “resorts” no seu territorio?**

Foi horrible o holocausto nazi cos xudeus na Segunda Guerra Mundial, pero **¿aprenderon algo da Historia o Israel de Netanyahu e os EEUU de Trump? Achegámonos algo a unha “utopía**

**do reino dos fins” de Kant? Ou mais ben só nos quedamos na “insociabilidade” egoísta do ser humano, sen ter en conta tamén a súa “sociabilidade” coma postula Kant no transcurso da Historia?**

**Temos que darlle a razón Hobbes ao afirmar que “o home é un lobo para o home” (homo homini lupus: somos malos por natureza) na súa obra “o Leviatán”? Ou temos que volver a ler a Kant minuciosamente para aprender que a dignidade humana debe ser respectada nun “Dereito internacional”?**

## **7) CONCEPTOS KANTIANOS DA “CRÍTICA DA RAZÓN PURA” EN ALEMÁN**

**Ilustración: Aufklärung**

**I.- Crítica da razón pura (Crp): Kritik der reinen Vernunft (KrV)**

**1.1.- Estética transcendental: Transzendente Ästhetik**

- Sensibilidade: Sinnlichkeit
- Intuición: Anschauung
- Experiencia: Erfahrung
- Sensación: Empfindung
- Percepción: Wahrnehmung
- Espacio: Raum
- Tempo: Zeit

**1.2.- Lóxica transcendental: Transzendente Logik**

**1.2.1.-Analítica transcendental: Transzendente Analytik**

Entendemento: Verstand

Concepto: Begriff

Xuízo: Urteil

Categorías: Kategorien

Fenómeno: Phänomen

Noúmeno: Noumenon

**1.2.2.- Dialéctica Transcendental: Transzendente Dialektik**

Razón: Vernunft

Paralogismos: Paralogismen

Antinomias: Antinomien

ciencia: Wissenschaft

metafísica: Metaphysik

**II.- Crítica da razón práctica (Crp): Kritik der praktischen Vernunft (KpV)**

**III.- Crítica do Xuízo (Cdx): Die Kritik der Urteilskraft (KdU)**